



Declaración institucional do Parlamento de Galicia con motivo do bicentenario do nacemento de Louis Braille, inventor do sistema de lectoescritura que leva o seu nome

Sabedor de que no ano 2009 se cumpriron douscentos anos do nacemento do creador do sistema de lectoescritura braille, e 180 anos da publicación da primeira versión deste, o Parlamento de Galicia quere destacar o papel fundamental e insubstituíble que durante os máis de setenta últimos anos veu desenvolvendo a ONCE no ensino, na difusión e na produción en braille en España.

O esforzo realizado pola ONCE neste terreo foi inxente, comezando pola dedicación dos seus profesionais ao ensino, utilizando materiais adaptados como cartillas, regretas de prelectura, etc. O profesorado de alumnos cegos veu desenvolvendo, todos estes anos, o seu imprescindible labor axudado de materiais manuscritos ou imprimidos en braille para que os estudantes cegos puidesen acceder, en igualdade de oportunidades cos outros estudantes, á formación e á cultura.

A creación de Imprentas braille e bibliotecas promovidas pola ONCE puxeron ao alcance dos seus afiliados publicacións de todo tipo, tanto periódicas coma non periódicas. Grazas á ONCE, e ao esforzo individual de varias xeracións de homes e mulleres, hoxe en día, a través dos procesos de informatización do braille e mediante o uso das modernas tecnoloxías, podemos afirmar que as persoas cegas do noso país lograron ser moito máis libres e autónomas.

Por iso, o Parlamento de Galicia adopta a seguinte declaración Institucional:

1. Cremos que o acceso universal ao braille é un dereito das persoas cegas.
2. Defendemos que todas as persoas cegas deben ter acceso á formación e á cultura no seu sistema propio de lectoescritura: o braille.
3. Promoveremos que as institucións e empresas incorporen o braille nos seus servizos e bens de consumo.
4. Apoiaremos o coñecemento e manexo do sistema braille como a mellor ferramenta para erradicar o analfabetismo entre as persoas cegas.
5. Facilitarémolles o acceso ás persoas cegas, como a calquera outro cidadán, aos beneficios que achegan as novas tecnoloxías, concretamente aquelas que poden ser aplicables ao sistema braille.
6. Cremos que os estados e as organizacións de cegos débense responsabilizar de que todos os nenos e adultos con minusvalía visual que o precisen teñan os medios necesarios para que poidan aprender o braille.
7. Apoiamos que no deseño de edificacións, ámbitos, servizos e bens de consumo debe estar presente o sistema braille para facilitar a autonomía das persoas cegas e cumprir o principio de deseño universal.
8. Asumimos que o sistema braille é para as persoas cegas o que a tinta é para as persoas sen minusvalía visual.

Parlamento de Galicia, 9 de marzo de 2010